

**MEMORIA DO GRUPO DE
TRABALLO**

O1905133

*DINAMIZAMOS O CENTRO
A TRAVÉS DA ARTE*

CEIP MANUEL SUEIRO OURENSE

2019-2020

ÍNDICE

- 1.- CARACTERÍSTICAS DO CONTEXTO NO QUE SE DESENVOLVEU O GRUPO DE TRABALLO.
- 2.- PROXECTO INICIAL E VARIACIÓNS INTRODUCIDAS RESPECTO DO MESMO.
- 3.- CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS
 - 3.1 OBXECTIVOS PROPOSTOS
 - 3.2 OBXECTIVOS ACADADOS
- 4.- CONTIDOS DESENVOLVIDOS E ACTIVIDADES REALIZADAS
 - 4.1 Contidos desenvolvidos
 - 4.2 Actividades realizadas
- 5.- METODOLOXÍA
- 6.- ORGANIZACIÓN DE RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS
- 7.- TEMPORALIZACIÓN
- 8.- CRITERIOS E PROCESOS DE AVALIACION EMPREGADOS
 - 8.1 Avaliación conxunta.
 - 8.2 Avaliación individualizada.
- 9.- CONCLUSIÓNS LOGROS E INCIDENCIAS NO CENTRO.
- 10.- RELACION DETALLADA DE MATERIAIS DIDACTICOS E DOCUMENTOS QUE SE ENTREGAN

1.- CARACTERÍSTICAS DO CONTEXTO NO QUE SE DESENVOLVEU O GRUPO DE TRABALLO.

O profesorado que formou parte deste Grupo de Traballo cre firmemente que o traballo a través de proxectos documentais integrados é un método de traballo altamente beneficioso para desenvolver competencias clave como aprender a aprender e valorar a observación entre iguais e diferentes como ferramenta fiable para a avaliación do alumnado e autoavaliación do propio docente.

O título do grupo de traballo foi "Dinamizamos o centro a través da arte".

Participamos 5 mestres/as do Claustro do CEIP Manuel Sueiro.

As reunións celebráronse no CEIP Manuel Sueiro de Ourense, seguindo a temporalización proposta no proxecto inicial en horario de tarde e en horario lectivo de 12:00 a 14:00 horas, para poder levar adiante o proceso de observación.

De xeito habitual, en todas as reunións traballábase sobre a orde do día previsto e ao rematar propúñanse tarefas para preparar a seguinte sesión. A realización da maioría das actividades tivo unha duración superior á reflectida nas sesións de traballo do Grupo de Traballo.

Os materiais, traballos e actividades realizadas no Grupo de Traballo, leváronse á práctica co alumnado e co profesorado.

Todo o proxecto de formación xirou sobre o traballo baseado en PDI na aula e no centro, e da súa inclusión no proceso de aprendizaxe do alumnado. Hai que destacar o gran interese que xeito de traballar segue causando no profesorado.

Engadindo un chanzo máis, fixémonos no proceso de observación dos nosos alumnos/as e tamén do profesorado que estaba a poñer na práctica o PDI. Para plasmar este proceso de observación elaboramos e cumprimentamos as Guías de Observación.

2.- PROXECTO INICIAL E VARIACIONES INTRODUCIDAS RESPECTO DO MESMO.

Non houbo variacións substanciais respecto ao proxecto inicial que aquí se inclúe.

Título: "Dinamizamos o centro a través da arte"

Obxectivos:

- Fomentar o traballo colaborativo entre docentes mediante PDI.
- Desenvolver o plurilingüismo a través da arte.
- Implicar á biblioteca escolar no desenvolvemento do PDI.
- Compartir información con ámbitos externos á escola.
- Favorecer a observación entre iguais de PDI.
- Intercambiar do produto final, PDI, entre iguais e ámbitos externos á escola.
- Facilitar os PDI de arte mediante códigos QR e gamificación.

Contidos:

- Traballo colaborativo entre docentes e institucións educativas e externas.
- Observación do desenvolvemento de PDI entre iguais e diferentes.
- Implicación da biblioteca escolar no desenvolvemento dos proxectos.
- A arte como canle de achegamento ao plurilingüismo.
- Gamificación, códigos QR ao servizo da biblioteca escolar co fin de facilitar os PDI de arte.
- Posta en común do PDI co fin de valorar o resultado final.

ACTIVIDADE	INDICADOR	CRITERIO ACEPTACIÓN
Formar ao profesorado na programación, desenvolvemento e principios básicos de PDI, centrados na arte.	Identificación dos puntos destacados na elaboración dun PDI coa temática da arte.	Os/as participantes recoñecen os puntos clave para elaborar un proxecto documental integrado.
Estratexias de búsqueda de información a través da biblioteca escolar e recursos informáticos.	A biblioteca escolar como recurso para o desenvolvemento do PDI. Gamificación e códigos QR ao servizo do proxecto.	O profesorado recoñece os recursos que a B.E. facilita para a programación e desenvolvemento dun PDI de arte.
Formar aos docentes nos principios de observación docente e elaboración dunha GUÍA DE OBSERVACIÓN.	Elaboración dunha GUÍA DE OBSERVACIÓN na que se recollan os aspectos a observar, sexa entre docentes, alumnado ou centros.	Os/as participantes elaborarán unha Guía de observación na que poder recoller os datos resultantes do proceso de observación.
Observación na aula e recollida de información da mesma.	Clasificación da información recollida ao longo da experiencia de observación na Guía elaborada polo profesorado.	Os/as docentes cumprimentarán a Guía de observación cos datos recollidos no proceso de observación.
Análise, avaliación e propostas de mellora do proceso de observación.	Posta en común, conclusións e propostas de mellora do proceso de observación para un mellor desenvolvemento dun PDI.	O grupo de traballo recolle nun documento de avaliación final todas as reflexións sobre o proceso de observación no desenvolvemento dun PDI.

3.- CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Na Web, Aula Virtual e Blogs do centro recolleamos e plasmamos as actividades que realizamos co noso alumnado no proxecto en que estamos inmersos. Son actividades que perseguen integrar o traballo por proxectos nas distintas áreas, no currículo, na biblioteca e na vida diaria do centro. Actividades, todas elas, que poden ser aplicadas en calquera outro centro educativo.

3.1 OBXECTIVOS PROPOSTOS

3.1. Finalidade

Conseguir unha serie de estratexias, recursos e técnicas que nos permitan continuar mellorando o traballo por proxectos integrados nas distintas áreas, neste caso a de plástica, co apoio da biblioteca escolar.

Obxectivos:

- Fomentar o traballo colaborativo entre docentes mediante PDI.
- Desenvolver o plurilingüismo a través da arte.
- Implicar á biblioteca escolar no desenvolvemento do PDI.
- Compartir información con ámbitos externos á escola.
- Favorecer a observación entre iguais de PDI.
- Intercambiar o produto final, PDI, entre iguais e ámbitos externos á escola.
- Facilitar os PDI de arte mediante códigos QR e gamificación.

3.2 OBXECTIVOS ACADADOS

- Todos os obxectivos propostos foron acadados. As expectativas iniciais sobre o traballo por proxectos, favorecendo a observación entre iguais, non só foron acadadas, senón que foron superadas con creces.

3.3 OBXECTIVOS NON ACADADOS

- Precísase dedicarlle máis tempo ao traballo coas Guías de observación, xa que son ferramentas novas no noso traballo por proxectos.

4.- CONTIDOS DESENVOLVIDOS E ACTIVIDADES REALIZADAS

4.1 Contidos desenvolvidos

Contidos:

- Traballo colaborativo entre docentes e institucións educativas e externas.
- Observación do desenvolvemento de PDI entre iguais e diferentes.
- Implicación da biblioteca escolar no desenvolvemento dos proxectos.
- A arte como canle de achegamento ao plurilingüismo.
- Gamificación, códigos QR ao servizo da biblioteca escolar co fin de facilitar os PDI de arte.
- Posta en común do PDI co fin de valorar o resultado final.

4.2 Actividades realizadas

- Se se revisa a nosa web e aula virtual observarase que as actividades realizadas ao longo do curso son as que reflectimos nesta memoria.
- A primeira actividade realizada foi a **elaboración do proxecto** deste Grupo de Traballo, e que xurdiu despois de reflexionar profundamente sobre que aspectos considerábase fundamentais para fomentar o uso do traballo por proxectos no centro, e en especial na área de plástica, incluíndo ferramentas novas, como o uso das Guías de Observación.
- Recibimos **docencia** sobre os fundamentos dos **PDI**, o seu uso nas distintas áreas e como proxecto integrador do centro. Tamén coñecemos os principios básicos dunha **Guía de Observación** e a súa utilidade na práctica diaria docente. Axudámonos dos titoriais que están accesibles desde a nosa aula virtual e que foron recompilados e elaborados, no seu caso, pola coordinadora do Grupo de Traballo.

- **Elaboramos o PDI de arte "Stacks of joy at Manuel Sueiro" e as Guías de Observación** entre docentes e alumnos/as. Puxemos en práctica aquelas actividades do PDI, tal e como se mostran nas informacións que se poden seguir na nosa páxina web e na aula virtual.
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelstueiro/aulavirtual2/course/view.php?id=53>
- Adquirimos e perfeccionamos os coñecementos necesarios para empregar os PDI e Guías de Observación como metodoloxía de traballo na aula e no centro coa axuda da coordinadora.
- O noso proxecto deu os primeiros pasos adaptando a obra de Annie Morris ao primeiro centro de interese para captar a atención dos nosos/alumnos/as, dando os primeiros pasos na práctica de observación entre iguais.
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelstueiro/node/1345>
- Seguimos achegándonos á arte conmemorando o **200 aniversario do Museo del Prado**. Enlazamos co traballo desenvolvido en cursos anteriores por outros compañeiros, aprendendo a respectar o traballo doutros compañeiros e observando como é o seu desenvolvemento.
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelstueiro/node/1353>
- O punto máximo e final do noso proxecto queda reflectido no enlace que achegamos. Nel pódense ver todos os aspectos que nos propostos no grupo de traballo: curiosidade polo mundo da arte, desenvolvemento do proxecto artístico, observación entre iguais, compartindo experiencia entre compañeiros/as de diferentes cursos, en diferentes espazos, aula de lingua estranxeira na que temos a área de plástica, aula de 4ºE.P., corredores do centro e tamén observación entre mestres, como queda reflectido nas imaxes.
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelstueiro/node/1414>
- .Para poder xestionar todo o traballo que íamos realizando no Grupo de Traballo, empregamos a **aula virtual** do noso centro. Creamos un curso onde colgamos todos os materiais utilizados e realizados no mesmo. O curso está dispoñible na web para quen queira visitalo, xa que se pode acceder a todos os contidos como convidado.
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelstueiro/aulavirtual2/course/view.php?id=53>

5.- METODOLOXÍA

Propómonos desenvolver unha metodoloxía práctica e participativa. Partimos de acordos verbais previos e exposicións de ideas.

As reunións celebráronse baixo un marco de diálogo e abertas a compartir experiencias.

Combinamos as sesións formativas destinadas ao estudo e análise de materiais mediante a lectura de documentos específicos (artigos, titoriais, ferramentas de autor, web 2.0, ...) e a docencia da coordinadora, xunto con sesións prácticas para a realización das actividades derivadas do coñecemento adquirido.

En ambos casos, ditas sesións incluírán un tempo para a reflexión en común, a toma responsable e consensuada de decisións e a determinación de tarefas para a súa execución en posteriores sesións de traballo no centro.

6.- ORGANIZACIÓN DE RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

6.1.- Recursos humanos:

Para a realización deste proxecto contamos co compromiso de colaboración de todas e todos os seus membros.

Tamén foi necesario o asesoramento do membro do CFR responsable do noso centro.

Das sesións programadas con actividades de docencia encargouse a mestra de lingua estranxeira e da área de plástica en 1º e 2º de E. Primaria, incluída no plan de seccións bilingües do centro Mª Pilar Iglesias Gómez.

6.2.- Materiais:

Para a realización das diversas actividades propostas foron precisos os seguintes recursos materiais:

- Ordenadores e cañón proxector.
- Tablets.
- Un encerado dixital interactivo.
- Memorias USB.
- Diverso material funxible: papel, cartolinas, ceras, pinturas, plásticos, cds, dvds... para por en práctica as sesións e actividades programadas co alumnado.
- Tóner de impresora para facilitar os documentos escritos elaborados ou necesarios para realizar as actividades programadas.
- Plastificadora, cámara de fotos, escáner...

7.- TEMPORALIZACIÓN

DATA	ACTIVIDADE	HORAS	LUGAR
04/12/19	Estudo e reflexión sobre o proxecto	2	CEIP Manuel Suevo
09/12/19	Docencia: Principios básicos dun PDI	3	CEIP Manuel Suevo
16/12/19	Deseño dun PDI con temática de arte	2	CEIP Manuel Suevo
09/01/20	Docencia: Fundamentos Guía de Observación.	2	CEIP Manuel Suevo
15/01/20	Elaboración dunha Guía de Observación	2	CEIP Manuel Suevo
20/01/20	Posta en práctica do PDI (T.I.)	2	CEIP Manuel Suevo
21/01/20	Posta en práctica do PDI e observación entre iguais (T.I.)	2	CEIP Manuel Suevo
27/01/20	Posta en práctica do PDI e Guía de Observación	2	CEIP Manuel Suevo
12/02/20	Avaliación. Dossier final e memoria	3	CEIP Manuel Suevo

8.- CRITERIOS E PROCESOS DE AVALIACION EMPREGADOS

Como xa comentamos ao longo desta memoria, a realización deste proxecto, de formación no centro, tivo para nós un balance moi positivo. Para a súa avaliación realizamos unha avaliación conxunta e outra individualizada

8.1 Avaliación conxunta.

Unha vez compilados e clasificados os materiais deste proxecto, fixemos a valoración do funcionamento e organización do mesmo:

- **O grao de participación e intercambio de experiencias** entre os compoñentes do grupo. Valoramos unanimemente dun xeito moi positivo este apartado xa que o grado de colaboración, participación e implicación de todos os membros foi moi alto, o que fixo que fose posible levar á práctica todas as actividades propostas. Hai que ter en conta o esforzo persoal de cada membro do grupo de traballo, xa que ningún de nós é especialista en arte.
- **O seguimento e a adecuación da temporalización prevista.** Intentamos respectar os tempos establecidos para cada tema e a orde establecida na primeira reunión do grupo. O tempo de traballo en moitas das actividades que realizamos foi escaso, por exemplo, na elaboración do PDI, na dinamización da biblioteca co foco na arte. En todas elas dedicamos moito máis tempo do reflectido nas actas de reunión. En canto á temporalización hai que dicir que a seguimos segundo o proposto no proxecto.
- **O nivel de satisfacción** en relación co traballo por proxectos e mediante observación dentro do aula, noutras aulas e biblioteca do noso centro entendemos que cubriu amplamente as nosas expectativas.

• 8.2 Avaliación individualizada.

Para a realización desta actividade cada un dos membros do grupo de traballo cubriu unha enquisa de xeito individualizado cos resultados que se amosan:

ENQUISA SOBRE O FUNCIONAMENTO DO GRUPO DE TRABALLO

Valor das puntuacións para as preguntas da enquisa: MOI POUCO (1) / POUCO (2) / SUFICIENTE (3) / BASTANTE (4) / MOITO (5)

I.- ÁMBITO INDIVIDUAL : repercusión no propio desenvolvemento persoal e profesional.

	MEDIA
O meu progreso no proceso formativo en relación co tema foi	5
O meu grao de satisfacción co traballo desenvolvido é	5
A formación acadada repercutiu no meu traballo diario	5
O compromiso coa miña propia formación foi	5
VALORACIÓN GLOBAL	5

II.- ÁMBITO GRUPAL: repercutiu na mellora da dinámica de traballo en grupo

	MEDIA
Na mellora de toma de decisións consensuadas	5
No establecemento dun clima relacional positivo , gratificante	5
Na mellora de estratexias de traballo colaborativo	5
No compromiso co grupo	5
VALORACIÓN GLOBAL	5

III.- ÁMBITO INSTITUCIONAL: repercusión na mellora da educación que se imparte no centro.

	MEDIA
Os acordos e as conclusións obtidas vanse pondo en práctica	5
Axudou a establecer no centro dinámicas de reflexión e detección de ámbitos de mellora. de forma autónoma	5
As expectativas de mellora da calidade do ensino no centro, en relación co tema tratado, cumpríronse	5
Os obxectivos conseguíronse	5
VALORACIÓN GLOBAL	5

IV.- O ASESORAMENTO E APOIO POR PARTE DO CENTRO DE FORMACIÓN

	MEDIA
Deu resposta ás necesidades do grupo	5
As estratexias empregadas resultaron adecuadas	5
VALORACIÓN GLOBAL	5

V.- A DOCENCIA RECIBIDA *resultou*

	MEDIA
Adecuada para dar resposta ás necesidades do grupo	5
As estratexias empregadas resultaron adecuadas	5
VALORACIÓN GLOBAL	5

ORGANIZACIÓN

Debería mellorarse:
Mellorar a dotación económica para poder invertela de xeito diferente ao proposto na actualidade. .
O que estivo ben foi:

Os contidos traballados.

A coordinación entre os membros do Grupo de traballo, tendo en conta a novidade do proxecto de observación entre docentes

A coordinación coa Aesora do CFR de Ourense.

9.- CONCLUSIÓNS LOGROS E INCIDENCIAS NO CENTRO.

Despois de todo o manifestado ao longo desta memoria, só nos queda engadir que nos sentimos bastante orgullosos e satisfeitos do traballo realizado, xa que ao traballar en grupo os resultados alcanzados son moito mellores grazas ás achegas enriquecedoras de todos os membros do mesmo.

Entendemos que o traballo a través de proxectos documentais integrados é un método de traballo altamente beneficioso para desenvolver competencias clave como aprender a aprender e valorar a observación entre iguais e diferentes como ferramenta fiable para a avaliación do alumnado e autoavaliación do propio docente.

O alumnado traballa a gusto de xeito creativo e colaborativo na súa aula, noutras aulas observando o traballo doutros compañeiros e disfrutando da observación doutros do seu propio traballo, de forma que os seus traballos sexan máis reais e visibles, de aí a importancia que lle demos á súa colaboración no mantemento dos produtos de arte e na busca de información sobre os artistas implicados no proxecto.

É moi importante que a produción de calquera recurso sexa contrastada na aula e sexa accesible para todo o mundo e desde calquera lugar, de aí que se faga necesario o colocar todos os recursos no espazo web do centro.

Difundir todas as nosas experiencias a través da aula virtual favorece que estas boas prácticas axuden á creación de redes docentes que difundan as súas experiencias.

Esperamos ter a posibilidade de continuar traballando neste tipo de proxectos porque sendo conscientes da dinamización do centro a través da

arte, agora debemos ir máis alá e facer que se integre en todo o proceso educativo do noso centro.

Non hai máis que ver a transformación física e funcional que segue a ter o noso centro nestes últimos anos para darse conta de que merece a pena o aventurarse nesta experiencia formativa de case todo o claustro de mestres do CEIP Manuel Sueiro.

Vistos os resultados acadados, seguimos animados a seguir traballando e formándonos a través de proxectos de formación, grupos de traballo ou mesmo seminarios, para o próximo curso escolar.

10.- RELACION DETALLADA DE MATERIAIS DIDACTICOS E DOCUMENTOS QUE SE ENTREGAN

Todo o traballo realizado ao longo do curso está reflectido na nosa aula virtual nun curso que creamos para o Grupo de traballo.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelstueiro/aulavirtual2/course/view.php?id=53>

Ligazóns ás que se pode acceder directamente:

- Proxecto do grupo de traballo
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelstueiro/aulavirtual2/pluginfile.php/2301/mod_resource/content/1/PFPF.pdf
- Documentación da docencia sobre PDI
 - o https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelstueiro/aulavirtual2/pluginfile.php/2304/mod_resource/content/1/20191209PDIcastell.pdf
 - o https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelstueiro/aulavirtual2/pluginfile.php/2303/mod_resource/content/3/20191209Proxectos_doc_integ_rosapiquin_2006.pdf
- Proxecto do PDI de arte: "Stacks of joy at Manuel Sueiro"
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelstueiro/aulavirtual2/pluginfile.php/2306/mod_resource/content/1/PDI%20de%20area.pdf

- Documentación da docencia sobre Guías de Observación
 - o https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuel sueiro/aulavirtual2/pluginfile.php/2309/mod_resource/content/1/20200109_guia_observacion_e_dg.pdf
 - o https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuel sueiro/aulavirtual2/pluginfile.php/2310/mod_resource/content/2/20200115_guia_6b.pdf
- Guías de observación docente e do alumnado
 - o https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuel sueiro/aulavirtual2/pluginfile.php/2312/mod_resource/content/1/GU%C3%8DA%20DE%20OBSERVACI%C3%93N%20DOCENTE.pdf
 - o https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuel sueiro/aulavirtual2/pluginfile.php/2311/mod_resource/content/1/GU%C3%8DA%20DE%20OBSERVACI%C3%93N%20DO%20ALUMNO.pdf
- Posta en práctica docente. Todos os enlaces indicados no apartado das actividades realizadas.